

PRINCIPAIS RETOS DE GALICIA CARA A 2030

MATRIZ DAFO

EFICIENCIA ENERXÉTICA

GRUPO 2: CAMBIO CLIMÁTICO

MESA: Eficiencia enerxética.

RETOS E NECESIDADES DE GALICIA CARA A 2030

1. Aumentar a transparencia e a seguridade xurídica no sector, tratando de eliminar todos aqueles factores que xeran incerteza á hora de investir en materia enerxética, especialmente no campo do autoconsumo eléctrico.
2. **Acceso universal a un prezo accesible e menos volátil.** Continuar na implantación de medidas para evitar que ningún cidadán sufra de pobreza enerxética.
3. Reducir a **alta dependencia enerxética** e aumentar a proporción de enerxía renovable no conxunto de **enerxía total consumida** co fin de acadar unha economía de baixo nivel de emisión de carbono.
4. Continuar co fomento de actividades asociadas ao ciclo de aproveitamento da **biomasa térmica, así como as fontes de enerxía undimotriz e maremotriz.** Deste xeito, aumenta a diversificación nas fontes renovables, compensando as consecuencias negativas que as condicións climatolóxicos teñen na enerxía eólica e hidroeléctrica.
5. **Redución da intensidade enerxética** do tecido empresarial, aumentando con elo o aforro e a eficiencia enerxética nas empresas, así como a consolidación da cultura das auditorías enerxéticas e a formación das persoas traballadoras destes sectores a través de especialidades de formación profesional para o emprego nesta materia.
6. Aumentar os **criterios de eficiencia enerxética na contratación pública.**
7. **Fomento da I+D+i tecnolóxica** no terreo enerxético, especialmente no campo da eficiencia enerxética, das enerxías renovables e do almacenamento da enerxía e da formación das persoas traballadoras destes sectores.
8. Consolidación das **boas prácticas en materia de consumo enerxético entre a poboación** e considerar aos cidadáns nunha dobre vertente: como consumidores e como xeradores de enerxía.
9. **Limitar a comercialización de equipos de baixa cualificación enerxética,** e mellorar a información enerxética dos produtos do mercado para que o consumidor dispoña dunha maior información que lle facilite a toma de decisións.
10. Tender a **redes de transporte e distribución intelixentes** para dar cobertura á incorporación paulatina do autoconsumo e a mobilidade eléctrica que permitirán unha maior integración de enerxías renovables.

DEBILIDADES	AMEAZAS	FORTALEZAS	OPORTUNIDADES
<p>D.1 Importante dependencia enerxética (2017: o 85% total de enerxía primaria foi importada). As principais fontes importadas (petróleo e carbón) son as máis contaminantes.¹</p>	<p>A.1 Condicións climatolóxicas adversas para a xeración de enerxía a través de fontes renovables (fundamentalmente a pluviosidade e o vento).</p>	<p>F.1 Xestión enerxética centralizada que permite ter acceso dos principais datos enerxéticos aos responsables enerxéticos das distintos organismos co que se mellora a súa xestión.</p>	<p>O.1 Continuar co fomento de programas de xestión enerxética nas empresas, incluíndo as auditorías enerxéticas e o a figura denominada como “coordinador enerxético”. O Incremento da facilidade para medir e caracterizar o consumo permite avanzar na optimización de decisións.</p>
<p>D.2 Falta de consolidación do <u>consumo</u> de renovables dentro do total de enerxía primaria consumida (En 2017: 15,5% debido a unha xeración hidráulica moi baixa; obxectivo a 2020: 24%; a 2030 45%).</p>	<p>A.2 Cambios frecuentes na lexislación ambiental e enerxética para adoptar as directrices marcadas pola UE.</p>	<p>F.2 As principais fontes de enerxía autóctonas son renovables. (Año 2017: a biomasa cun 41,8 % sobre o total, supuxo a achega máis importante de enerxía primaria galega; vento cun 31,3%; auga 15,3%.)</p>	<p>O.2 Fomento da I+D+i tecnolóxica no terreo enerxético, especialmente no campo da eficiencia enerxética e das enerxías renovables.</p>
<p>D.3 Unha parte moi importante da enerxía renovable en Galicia procede de fontes hidráulicas ou eólicas, que teñen unha forte dependencia das condicións climáticas.</p>	<p>A.3 Inseguridade xurídica no ámbito das retribucións do sector da xeración e distribución de enerxía.</p>	<p>F.3 Estratexia de impulso da biomasa 2014-2020. A reutilización dos residuos xerados nos montes contribúe a fomentar traballo no rural.</p>	<p>O.3 Amplas posibilidades de desenvolvemento no ámbito das enerxías undimotriz e mareomotriz. (Galicia concentra un 40% do potencial de enerxía das ondas en España).</p>

¹ A refinaría situada en A Coruña obriga a grandes importacións de cru de petróleo, ademais existen outros operadores que importan produtos petrolíferos xa transformados para súa venda.

DEBILIDADES	AMEAZAS	FORTALEZAS	OPORTUNIDADES
<p>D.4 A intensidade enerxética galega é superior á media española e europea². Número elevado de plantas con procesos produtivos moi intensivos no consumo de enerxía.</p>	<p>A.4 Dependencia do prezo das principais fontes de enerxía importadas (petróleo, gas natural e carbón) de variables económicas e institucionais do resto de países do mundo.</p>	<p>F.4 Planificación en materia de eficiencia enerxética a través de: - Estratexia Enerxética de Galicia 2015-2020. - Directrices Enerxéticas 2018-2020 - Estratexia de Aforro e Eficiencia Enerxética no Sector Público Autonómico de Galicia 2015-2020,</p>	<p>O.4 Potenciar a formación e información de todos os consumidores de enerxía. Establecer as medidas oportunas para lograr maior transparencia do sector.</p>
<p>D.5 Déficit de información e formación acerca do consumo enerxético e do funcionamento do mercado da enerxía.</p>	<p>A.5 A volatilidade das cotizacións dos dereitos de emisión de CO2.</p>	<p>F.5 No ano 2017 a xeración de electricidade nos ciclos combinados aumentou un 162,4% respecto ao ano 2016 (aproveitamento de calor residual).</p>	<p>O.5 Considerar aos cidadáns nunha dobre vertente: como consumidor e como xerador de enerxía, facilitando a implantación de instalacións propias.</p>
<p>D.6 Volatilidade nos prezos da enerxía, que dificultan a garantía do consumo universal da enerxía a un prezo accesible.</p>	<p>A.6 A rede de distribución de enerxía eléctrica pode limitar o desenvolvemento de proxectos de aproveitamento de enerxías renovables en localizacións con elevado potencial.</p>	<p>F.6 Importante presenza de centros transformadores, o que implica que Galicia segue xogando un papel clave como exportador neto de enerxía final.</p>	<p>O.6 Empregar o aforro enerxético e as enerxías renovables para potenciar e incrementar a competitividade, o crecemento económico e a xeración de postos de traballo.</p>
		<p>F.7 Programas específicos para diminuír o gasto enerxético das familias (bono social eléctrico, axudas para a substitución de caldeiras, divulgación de boas prácticas, etc.).</p>	<p>O.7 A incorporación paulatina do autoconsumo e a mobilidade eléctrica permitirá unha maior integración de enerxías renovables, para o que é preciso tender a redes de transporte e distribución intelixentes.</p>

² A intensidade enerxética determina a eficiencia na utilización dos recursos enerxéticos para producir o crecemento económico do país. Relaciona o consumo enerxético e o volume da actividade económica no conxunto dos sectores da economía.